

OBRADOIROS CULTURAIS – CONCELLO DE MUROS 2021/22

1. Datos xerais

1.1.- Os OBRADOIROS CULTURAIS nos que poden preinscribirse as persoas interesadas para o curso 2021/22 son os seguintes:

OBRADOIROS CULTURAIS – CURSO 2021/22

- Esteiro: Arte floral, Bordado, Encaixe de agulla e Traballos manuais.
- Tal: Bordado, Encaixe de agulla e Traballos manuais
- Abelleira: Bordado, Encaixe de agulla e Traballos manuais.
- Torea: Traballos manuais.
- Serres: Bordado, Encaixe de agulla e Traballos manuais
- Muros: Arte floral, Bordado, Cociña, Costura, Encaixe de agulla, Fotografía, Teatro e Traballos manuais.
- Louro: Bordado, Encaixe de agulla e Traballos manuais

1.2.- Se existira moita demanda para participar nalgún obradoiro que non aparece na relación, estudarase a posibilidade de que este se constituía, na localidade na que se produza a demanda.

1.3.- As idades esixidas para participar nas actividades son:

ACTIVIDADE IDADE

Teatro nados/as no ano 2014 ou anteriores

Traballos manuais nados/as no ano 2009 ou anteriores

Arte floral, bordado, cociña, costura, fotografía e encaixe con agulla, nados/as no ano 2007 ou anteriores

2. Preinscrición (do 22 de setembro ao 5 de outubro)

2.1.- Ábrese o prazo de preinscrición do 22 de setembro ao 5 de outubro.

2.2.- Esta preinscrición formalizarase nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros, ou por medio do formulario Google Forms previsto para esta actividade, <https://forms.gle/QN8gjnJU2C2E8jCr8>

Na preinscrición os/as interesados/as comprometeranse a asistir ás modalidades que prefiran e na localidade que indiquen, sempre que se poida constituír grupo.

2.3.- Constituiranse tan só os grupos de traballo que acaden unha preinscrición mínima de 10 persoas.

2.4.- Ás persoas preinscricas nas actividades que non poidan ser impartidas daráselles a opción de elixir outro grupo ou actividade.

2.5.- Os obradoiros culturais definitivamente constituídos, e os seus horarios, faranse públicos o día 8 de outubro.

3. Matrícula (do 11 ao 13 de outubro)

3.1.- Para formalizar a matrícula, as persoas preinscricas deberán consultar no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, ou ben no teléfono 981 762294, ou por medio da páxina web do concello, a constitución dos grupos e o seu horario, e despois ingresar no nº de conta que se lle indique, unha cota de 25,00 €, do día 11 ao 13 de outubro, incluídos, que lle dará dereito a participar no obradoiro que elixira, durante a tempada.

3.2.- Se despois de formalizar a matrícula algunha persoa non puidera asistir ás clases, non terá dereito á devolución da cota nin á substitución directa por outra persoa.

3.3.- Non se poderá mudar de actividade despois de comezadas estas.

4. Prazas libres (do 18 ao 30 de outubro)

4.1.- Nos grupos que queden prazas libres poderán matricularse outras persoas do 18 ao 30 de outubro no Centro Cultural e Xuvenil de Muros.

5. Comezo das actividades

5.1.- As actividades darán comezo a partir do luns 18 de outubro.

6. Outras Condicións

6.1.- O número de persoas por grupo, duración das actividades, etc estarán suxeitas as medidas sanitarias vixentes en todo momento.